

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O ESTUDO E DESENVOLVEMENTO DUNHA METODOLOXÍA PARA A MODELIZACIÓN DO EFECTO NA CALIDADE DA AUGA DAS DISTINTAS PRESIÓNS EXISTENTES NAS BACÍAS DOS ENCOROS DE PORTODEMOUROS, CALDAS DE REIS E FORCADAS , NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

EXPOÑEN

Primeiro. Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Galicia é competente para o establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da entidade pública.

Segundo. A Universidade de Vigo é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, estando interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar os seus fins que son a formación, a investigación, así como a contribución á innovación e a modernización do sistema produtivo.

Terceiro. Augas de Galicia ten colaborado anteriormente coa Universidade de Vigo na análise piloto do efecto da presión agroforestal sobre o ecosistema ribeira-río en



varias bacías da demarcación hidrográfica de Galicia Costa no marco do proxecto Innoaugas4.0 impulsado por Augas de Galicia recentemente.

Como resultado desta colaboración desenvólvese unha metodoloxía innovadora para relacionar presións agroforestais co impacto que xeran no río e como o estado dos ecosistemas acuáticos e da ribeira dos ríos influía nunha maior ou menor minoración dese impacto.

Cuarto. Unha das principais preocupacións das administracións hidráulicas que, como Augas de Galicia, están encargadas da planificación hidrolóxica e a xestión do dominio público hidráulico das distintas demarcacións hidrográficas é a contaminación por fontes difusas dos ecosistemas fluviais, entre elas a contaminación pola chegada de nutrientes como o fósforo aos cursos fluviais, procedente da actividade humana.

O impacto desta contaminación nas bacías hidrográficas é significativo. Afecta á calidade da auga, provocando a eutrofización, que pode levar á diminución de oxíxeno na auga e á proliferación de algas nocivas, o que á súa vez prexudica a biodiversidade e os ecosistemas acuáticos. Esta situación non só ameaza ás especies que habitan nestes ecosistemas, senón que tamén compromete os recursos hídricos que son esenciais para as actividades socio económicas da zona ou o consumo humano.

Quinto. Naquelas bacías reguladas por encoros, estes, ao acumular as augas, poden servir como indicadores a medio prazo da contaminación difusa, ao permitir a medición de diversos parámetros, como nutrientes (nitratos e fosfatos), sedimentos e outros contaminantes. Por exemplo, un aumento nos niveis de nutrientes pode sinalar un exceso de fertilizantes nas terras agrícolas próximas, ou unha excesiva permeabilidade á contaminación da ribeira do río.

Por esta razón Augas de Galicia está a mellorar a monitorización da calidade da auga nos encoros que, como se está a argumentar, é crucial para a xestión da auga ao dar unha medida dos impactos ambientais que está a sufrir o río. Non obstante, esta monitorización carece de sentido se en paralelo á súa implementación non se consegue identificar e avaliar as presións que xeran eses impactos ou como o estado ecosistémico do río poden influenciar nese impacto, para así, ser capaces de implementar estratexias efectivas para protexer os ecosistemas fluviais e os servizos que dependen deles.

O gran impacto ecolóxico, sociocultural ou económico da contaminación das entornas fluviais está a propiciar que os centros de investigación e as universidades



tamén estean interesadas no estudo destes fenómenos que permitan propor as solucións o máis eficaces posibles.

Sexto. Considérase de interese común para as partes asinantes estudar con maior profundidade cal é a relación entre o impacto detectado en encoros e as distintas presións da actividade humana sobre o río, causantes da mesma, e como as condicións nas que se encontran os ecosistemas de río e ribeira pode repercutir nunha posible atenuación ou agravamento do estado ecolóxico de toda a bacía.

Proponse polo tanto un traballo conxunto entre os técnicos de Augas de Galicia, que achegarán ou seu coñecemento e experiencia no impacto das distintas presións sobre as masas de auga e os técnicos da Universidade de Vigo que proporán novas liñas de traballo para dar resposta a estas necesidades, integrando as novas tecnoloxías e a experiencia da Administración hidráulica de Galicia.

Sétimo. A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, a Xunta de Galicia desenvolveu o Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027. Este convenio enmárcase dentro da RIS3 de Galicia, aliñándose co reto 1 (modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación) e a prioridade 1 (sustentabilidade). Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 1, integrándose no programa Integra da RIS3 e no programa 2 (Coñecemento) do Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027.

Oitavo. O Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE) de Dixitalización do Ciclo da auga, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 22 de marzo de 2022, encádrase na Compoñente 5, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), ten como obxectivo a modernización do ciclo de auga e a mellora do estado das masas de auga en xeral, cumprindo así co mandato da Directiva Marco da auga (2000/60/CE) e da Directiva 91/271/CEE sobre o tratamento das augas residuais urbanas, todo iso consonte o disposto no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

O 2 de outubro de 2023 a Comisión Europea aprobou a segunda fase do PRTR, tras a cal, o 17 de outubro de 2023 o ECOFIN (Consello de Ministros de Finanzas da UE), aprobou o documento da addenda española ao PRTR, na que se dota ao Ministerio de Transición Ecolóxica (MITECO) de novos recursos económicos que permiten materializar a segunda fase da repartición en Conferencia Sectorial planificado no PERTE de dixitalización do ciclo da auga, de xeito que se distribúan entre as



distintas Comunidades Autónomas e cidades autónomas 100 M€ adicionais, para así chegar aos 200 M€ previstos no PERTE de dixitalización do ciclo da auga.

No acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente que tivo lugar o 24 de xullo de 2024 autorizouse a proposta de distribución territorial de créditos xestionados polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do PERTE de dixitalización do ciclo da auga, compoñente 5 "Preservación do espazo litoral e dos recursos hídricos" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para o exercicio orzamentario 2024, por un importe total de 100 millóns de euros.

No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, e concretamente dentro da Política Panca II "*Infraestructuras e ecosistemas resilientes*", Compoñente 5 "*Preservación do litoral e recursos hídricos*" e investimento N°3 "*Transición dixital no sector da auga (vixilancia e control do entorno dixital)*" establécese como fito a acadar o *Fito 426 - Posta en funcionamento de ferramentas para mellorar o coñecemento e o uso dos recursos hídricos, e para rexistrar as precipitacións e outros datos meteorolóxicos.*

Por todo o exposto, as partes deciden outorgar este convenio de colaboración, para así conseguir unha maior rendibilidade de esforzos nesta materia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e a Universidade de Vigo para a realización dun estudo e desenvolvemento dunha metodoloxía para a modelización do efecto na calidade das augas e dos ecosistemas asociados a elas das distintas presións existentes nas bacías dos encoros de Portodemouros, Caldas de Reis e Forcadas, de forma que se posibilite a planificación de medidas o máis eficaces e eficientes posibles, que redunden nunha mellora ambiental destas bacías.

SEGUNDA. CONTIDO DA COLABORACIÓN

Como resultado desta colaboración esperase dispor dun algoritmo capaz de modelizar os impactos que producen sobre a calidade da auga en encoros as presións antrópicas situadas na súa bacía vertente.



Así mesmo, é parte do resultado esperado dispor dun estudo sobre a metodoloxía utilizada para o desenvolvemento e utilización dese modelo, así como sobre a súa validación e posibles sesgos ou limitacións.

Os traballos centraranse no ámbito de 3 bacías piloto, as dos encoros de Portodemouros, Caldas de Reis e Forcadas, coa pretensión de poder establecer metodoloxías de estudo e planificación para outras bacías que presenten a mesma problemática.

Para a consecución dos resultados marcados, os traballos contemplarán as seguintes actuacións:

- a) Por unha banda, realizarase unha avaliación da situación actual das bacías piloto, establecendo as primeiras conclusións sobre o estado dos ecosistemas e das presións que puideran estar a agravar a problemática.
- b) Estudiarase tamén a dinámica temporal do estado químico e biolóxico dos encoros.
- c) Posteriormente, desenvolverase a modelización das cargas de nutrientes sobre os encoros e a resposta destes ante esas cargas. Realizarase unha primeira versión do modelo durante o 2025 testando cos datos recollidos durante ese ano. Afinarase e perfeccionarase durante o primeiro semestre do 2026 cos datos restantes.
- d) E, por último, analizarase a resposta dos encoros ante as cargas de nutrientes e desenvolveranse experimentos de biorremediación comprobando a súa eficacia potencial cos resultados da modelización.

TERCEIRA. GRUPO DE TRABAJO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, crearase un grupo de traballo, formado por persoal de Augas de Galicia e polo persoal designado pola Universidade de Vigo.

Representará á Universidade de Vigo a persoa designada como dirección técnica do proxecto quen coordinará e impulsará os traballos do grupo e desenvolverá, en coordinación con Augas de Galicia, as liñas de traballo e actividades recollidas neste convenio para acadar os fins perseguidos con esta colaboración.

CUARTA. OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio;

1.- A Universidade de Vigo obrígase a:



- a) Achegar ao grupo de traballo os medios materiais e persoais axeitados e necesarios para a realización das actividades descritas neste convenio, sen prexuízo de que Augas de Galicia lle compense unha parte dos custos nos que incorra.
- b) Coordinar o grupo de traballo, impulsar os seus traballos e executar as actividades necesarias para a realización do obxecto do convenio.
- c) Prestar apoio científico-técnico na elaboración de documentación parcial e final, coa achega das materias novidosas obxecto do ámbito da súa investigación.
- d) Achegar calquera documento ou xustificante que lle sexa solicitado.
- e) Custodiar a evidencia da realidade material das actuacións, e permitir o acceso e facilitar a documentación e información necesaria para tarefas de control establecidas pola normativa de aplicación.
- f) Achegar, para os efectos do previsto neste convenio, as cantidades estipuladas na cláusula sexta.
- g) A Universidade de Vigo conservará a documentación xustificativa de aplicación dos fondos recibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación, este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros; de conformidade co estipulado no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241.
- h) Cumprimentar e asinar as declaracións responsables recollidas nos Anexos IV. B e C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, relativas a aceptación e cesión de datos entre as Administracións Públicas e ao cumprimento dos principios transversais en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- i) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

2.- Augas de Galicia obrígase a:

- a) Achegar ao grupo de traballo os medios técnicos e persoais axeitados e necesarios para a realización das actividades.
- b) Achegar toda a información relevante da que se dispoña actualmente para os efectos do desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio.



- c) Achegar, para os efectos do previsto neste convenio, as cantidades estipuladas na cláusula sexta en concepto de compensación de custos á Universidade de Vigo.
- d) Augas de Galicia conservará a documentación xustificativa de aplicación dos fondos recibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación, este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros; de conformidade co estipulado no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241.
- e) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i
- f) Augas de Galicia, para dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, recadará os seguintes datos identificativos do perceptor final:
 - a. NIF do beneficiario.
 - b. Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.
 - c. Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
 - d. Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. (Anexo IV B da Orde HFP/1030/2021)
 - e. Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión. (Anexo IV C da Orde HFP/1030/2021)
 - f. Os beneficiarios que desenvolvan actividades económicas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade económica efectivamente desenvolvida á data de solicitude da axuda.

QUINTA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir



responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

SEXTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio;

1º) A Universidade de Vigo achegará un importe máximo de trinta mil euros (30.000,00€), coa seguinte distribución de anualidades:

2025	21.000,00 €
2026	9.000,00 €

Estas achegas están destinadas a financiar o salario do persoal investigador por coordinación, dirección e participación na realización de cada unha das actividades que se indican no anexo I.

2º) Augas de Galicia compensará custos segundo se indica:

1. En razón das achegas realizadas pola Universidade de Vigo para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade, da que a súa desagregación queda recollida no anexo I deste convenio, a entidade pública empresarial Augas de Galicia achegará un importe máximo de trescentos noventa e un mil douscentos trinta e tres euros (391.233,00€), IVE incluído, con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento, á conta 215 "Aplicacións informáticas" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2025	298.693,00 €
2026	92.540,00 €

2. A execución do convenio será financiada cos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) dentro do marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola UE- NextGenerationEU (PRTR), na Política Panca II "Infraestruturas e ecosistemas resilientes"; Compoñente 5 "Preservación do litoral e recursos hídricos"; Medida: Investimento 3 (C5.I3) "Transición dixital no sector da auga (vixilancia e control do entorno dixital)"; fito nº 426 "Posta en funcionamento de ferramentas para mellorar o coñecemento e o uso dos recursos hídricos, e para rexistrar as precipitacións e outros datos meteorolóxicos".



Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, que conta con financiamento do citado mecanismo europeo, así como as normas de información, publicidade e identidade visual establecidas no Regulamento (UE) 2021/241, na Orde HFP 1030/2021 e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do MRR amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos. En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e investimentos financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo. A prevención do dobre financiamento eríxese, por tanto, nun principio transversal de obrigatoria consideración na execución do PRTR”.

O gasto en concepto do IVE non será subvencionable con fondos MRR. Tal e como se especifica no anexo I, este gasto ascende a nove mil oitocentos vinte e sete euros con sesenta e cinco céntimos (9.827,65€) e será financiado por Augas de Galicia con fondos propios.

3. En canto aos prazos e modos do libramento da achega de Augas de Galicia á Universidade de Vigo, materializaranse mediante as transferencias dos fondos precisos á Universidade de Vigo na conta bancaria da que sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia, logo da presentación en Augas de Galicia, antes do 1 de decembro na anualidade 2025 e antes do 15 de xuño na anualidade 2026, da seguinte documentación acreditativa do cumprimento das cláusulas deste convenio:

- a) Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas.
- b) Un informe expedido polo órgano de control que corresponda no que se acredite que se cumpriu, no respectivo ámbito temporal, a finalidade do presente Convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- c) Calquera outro documento ou xustificante que sexa necesario para a adecuada xustificación dos gastos e concretamente:
 - Os honorarios de persoal investigador serán xustificados mediante follas de honorarios segundo o modelo da Universidade de Vigo e de pagamento bancario.
 - As viaxes e as axudas de custo serán xustificadas mediante follas de desprazamentos, tickets, facturas e do seu pagamento bancario.
 - O material funxibles e outros custos serán xustificados mediante facturas e documentos asociados ao gasto e do pagamento bancario.



Os custos salariais do persoal contratado, custos de viaxe e axudas de custo serán xustificadas mediante a aplicación de normativas e instrucións vixentes da Universidade de Vigo.

A achega da Universidade de Vigo, prevista na cláusula sexta, de honorarios de persoal investigador da Universidade de Vigo xustificaranse nas memorias xustificativas con cadros de imputación de horas, asinados pola persoa responsable de recursos humanos e polo propio persoal investigador).

A Universidade de Vigo poderá xustificar con cargo á anualidade 2026 os gastos realizados no mes de decembro da anualidade 2025.

Non obstante, a medida que se vaian realizando as tarefas establecidas neste Convenio, Augas de Galicia poderá realizar os abonos parciais establecidos para cada tarefa no anexo 1 deste convenio, a medida que a Universidade de Vigo xustifique a súa execución.

Os custos de seguridade social do último mes de cada anualidade (novembro de 2025 e xuño de 2026) poderán xustificarse na anualidade correspondente, aínda que o pagamento non estea efectivamente realizado.

SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar o seguimento e cumprimento dos traballos a desenvolver constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión mixta formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.



Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

OITAVA. CONFIDENCIALIDADE E DEREITOS DE PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELECTUAL

As partes manterán confidencial calquera información previa que reciban da outra parte, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente convenio.

A información adquirida, como datos, informe e solucións obtidas durante a realización do presente convenio, así como os resultados parciais e/ou finais, terán carácter confidencial. Cando unha das partes desexe utilizar, en parte ou na súa totalidade, a información adquirida para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitar a conformidade á outra parte por escrito. A outra parte deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días, establecendo a súa autorización, as súas reservas ou a súa desconformidade sobre a información que se pretende difundir. Transcorrido devandito prazo sen obter resposta entenderase que o silencio é a tácita autorización para a súa difusión.

Esta obriga de confidencialidade non será de aplicación cando:

- a) A parte receptora poida demostrar que coñecía previamente a información recibida.
- b) A información recibida sexa ou pase a ser de dominio público.
- c) A parte receptora obteña autorización previa e por escrito para a súa divulgación.
- d) A información sexa requirida xudicialmente.

As partes, comprométense igualmente que todo o persoal que participa no desenvolvemento do proxecto coñeza e observe o compromiso de confidencialidade regulado por esta cláusula.

Cada parte manterá a propiedade industrial e intelectual dos coñecementos previos achegados. Durante o período de vixencia deste convenio, e sempre que sexa estritamente necesario para o desenvolvemento das actividades do convenio, así como para o cumprimento dos compromisos posteriores, as partes concederanse



mutuamente os dereitos de acceso pertinentes aos devanditos coñecementos previos. En ningún caso, estes dereitos de acceso en relación cos coñecementos previos suporán a cesión da súa titularidade nin outorgarán ningún dereito sobre eles á outra parte.

A titularidade dos traballos e dos resultados obtidos no desenvolvemento deste convenio é compartida por Augas de Galicia e a Universidade de Vigo. A Dirección do proxecto será responsable da preparación, solicitude, xestión e mantemento dos dereitos de propiedade novos xerados en relación aos resultados a través da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo poderá utilizar os resultados da execución do convenio exclusivamente para fins de investigación e académicos.

Augas de Galicia poderá utilizar os resultados da execución do convenio para a xestión das competencias que ten atribuídas e para o exercicio dos dereitos de explotación, de calquera forma e modalidade.

As partes deberán informarse mutuamente de calquera resultado novo xerado. Informarase, en especial, daqueles resultados con potencial comercial sexan ou non protexibles por calquera modalidade. Ademais, previo á publicación de resultados, deberán identificarse aqueles que poden ser susceptibles de ser protexidos por propiedade intelectual e/ou industrial, e proceder ao seu rexistro e protección naqueles casos que sexa viable.

As partes cooperarán na xestión dos dereitos de propiedade e na preparación da resposta a calquera comunicación, ou outro tipo de actuación, procedente de calquera oficina ou órgano competente.

No caso de infracción dalgún dos dereitos de propiedade xerados en virtude do presente convenio por parte dun terceiro, a parte que teña coñecemento dela notificarao á outra, achegando todas as probas da infracción á súa disposición. As partes cooperarán e farán esforzos razoables para deter tal infracción.

NOVENA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa



DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efecto dende a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2026.

UNDÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio requirirá acordo entre Augas de Galicia e a Universidade de Vigo e tramitarse a través dunha addenda ao convenio. Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas do crédito en principio determinado para cada unha delas, sempre que non se incremente o seu importe global. De ser o caso, o importe dunha anualidade non xustificada pasará á anualidade seguinte, previa formalización de acordo entre as partes que recolla a conformidade na nova repartición de anualidades.

DUODÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- a) O cumprimento do seu obxecto
- b) O transcurso do seu prazo de vixencia

Este convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- a) O mutuo acordo entre as partes asinantes
- b) A inviabilidade da realización das actividades descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- c) O incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.

DÉCIMO TERCEIRA. NORMATIVA EUROPEA DE APLICACIÓN

Ao estar as actuacións incluídas no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dentro do Compoñente 5 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), están suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos fixados no devandito Plan.

Estarán sometidas á plena aplicación dos mecanismos de xestión e control que se establezan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e á normativa da Unión Europea aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como as



específicas relativas á información e publicidade, verificación e demais impostas pola normativa da Unión Europea, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento.

Concretamente, resulta de aplicación o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas das compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (MRR); a Orde HFP/55/2023 de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; e a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Este convenio está financiado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU e, polo tanto, os



beneficiarios deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

De acordo co disposto no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 o beneficiario fará mención da orixe desta financiación e velará por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiación adecuada que indique «financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU», en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

DÉCIMO SEXTA. MEDIDAS CONTRA O FRAUDE, A CORRUPCIÓN E O CONFLICTO DE INTERESES

En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de interese.

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón: [plan-augas-galicia-2024.pdf](https://www.augasdegalicia.es/plan-antifraude-2024)

2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web:

<https://www.conselleriadeconomia.gal/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>



Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte:

<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.

Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

Será de obrigado cumprimento a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI). Esta obrigaón débese aplicar nas diferentes fases do convenio a todos os intervinientes no mesmo.

Ao tratarse dun convenio con beneficiario determinado xa coñecido aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, os procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Os pregos de contratación e a normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor:

"ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN/SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR

O presente procedemento de contratación/subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de



interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente para a contratación (ou órgano competente para a concesión da subvención) poderá solicitar aos licitadores (ou solicitantes da axuda) a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de contratación (ou ao órgano que concede) no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través de MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do licitador (ou solicitante da axuda), os titulares reais recuperados polo órgano competente para a contratación (ou polo órgano competente para a concesión da subvención)".

Segundo establece o artigo 22.2 e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os perceptores finais dos fondos desembolsados e todas as demais persoas ou entidades que interveñan na súa aplicación están sometidas ás actuacións de control que poida exercitar a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando cumpra, á Fiscalía Europea.

DÉCIMO SÉTIMA. PRINCIPIO DE NON CAUSAR DANO SIGNIFICATIVO

De acordo co disposto no artigo 5 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o Mecanismo só apoiará aquelas medidas que respecten o principio de «non causar un prexuízo significativo» (principio "do non significant harm" - DNSH). A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de "non causar prexuízo significativo" que establece o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro,



e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento 2019/2088 de taxonomía da UE.

De conformidade co apartado 8 "Principio *Do not significant harm (DNSH)*" do documento da Compoñente 5, os requisitos técnicos a cumprir para garantir o respecto ao principio DNSH nas actuacións do investimento 3 son:

- a) No uso de equipos e equipamentos tecnolóxicos seleccionaranse os mellores dispoñibles pola tecnoloxía existente en canto ao consumo de enerxía.
- b) Os equipos cumprirán cos requisitos relacionados coa enerxía establecidos, de acordo coa Directiva 2009/125/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, pola que se instaura un marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos relacionados coa enerxía, para servidores e almacenamento de datos, ou computadoras e servidores de computadoras ou pantallas electrónicas, e conforme co Regulamento (UE) 2019/424 da Comisión, do 15 de marzo de 2019, polo que se establecen requisitos de deseño ecolóxico para servidores e produtos de almacenamento de datos de conformidade coa Directiva 2009/125/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 617/2013 da Comisión.
- c) Nestas adquisicións activaranse medidas para asegurar a compra daqueles equipos enerxeticamente eficientes, que sexan absolutamente respectuosos co Code of Conduct for ICT da Comisión Europea, e tomaranse medidas para que aumente a durabilidade, a posibilidade de reparación, de actualización e de reutilización dos produtos, dos aparellos eléctricos e electrónicos implantados.
- d) Na selección de equipos e equipamentos tecnolóxicos terase en conta a reciclabilidade dos seus compoñentes.
- e) Os equipos utilizados non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparatos eléctricos e electrónicos, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no devandito anexo.
- f) Ao final da súa vida útil, os equipos someteranse a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento.



DÉCIMO OITAVA. CONTRIBUCIÓN Á TRANSICIÓN ECOLÓXICA E DIXITAL

En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada compoñente) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro. As actuacións obxecto deste convenio forman parte da Compoñente nº5, que contribúe á transición ecolóxica nun 47,6% e á transición dixital nun 36,5%, tal e como se establece na Addenda ao PRTR.

Dado que os investimentos obxecto do presente Acordo enmárcanse na submedida C5.13d (Transición dixital no sector da auga – PERTE de dixitalización do ciclo da auga) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, as actuacións para realizar corresponderanse coas seguintes etiquetas climáticas e dixitais:

- Campo de intervención 040 Xestión da auga e conservación dos recursos hídricos (incluída a xestión das concas fluviais, medidas específicas de adaptación ao cambio climático, reutilización, redución de fugas). Coeficiente para o cálculo da axuda aos obxectivos climáticos: 40%. Coeficiente para o cálculo da axuda aos obxectivos medioambientais: 100%.
- Campo de intervención 011 Solucións de TIC para a Administración, servizos electrónicos, aplicacións. Coeficiente para o cálculo da axuda á transición dixital: 100%.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan de xeito electrónico o presente documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto
O reitor da Universidade de Vigo, Manuel Joaquín Reigosa Roger



ANEXO I – DESGLOSE DE COSTOS

	Achegas de Augas de Galicia						Achegas da Universidade de Vigo	
	Prezo unitario (euros)	Unidades	Total parcial Augas sen IVE	IVE	2025	2026	2025	2026
1. Diagnóstico da situación actual (Bacías Portodemouros e Forcadas)			34.500,00		34.500,00	0,00	2.000,00	0
	34.500,00	1	34.500,00		34.500,00	0,00	2.000,00	
2. Dinámica temporal do estado químico e biolóxico (nos 3 encoros)			266.487,37	8.390,63	205.648,00	69.230,00	14.000,00	5.000,00
Campañas mostreo (media 2 persoas)	138	290	40.020,00		26.634,00	13.386,00	1.000,00	500
Análise de augas ríos	115	580	66.700,00		44.505,00	22.195,00		
Análise de augas encoros	115	100	11.500,00		7.705,00	3.795,00		
Sondas nivel + EC+ OD	2.284,79	10	22.847,93	4.798,07	27.646,00	0		
Mostreador automático	5.702,48	3	17.107,44	3.592,56	20.700,00	0		
Mostreo campo (ribeiras, hábitat físico, sondas in situ, caudal)	200	116	23.200,00		23.200,00	0	2.500,00	
Mostreo campo augas e mostreadores automáticos	50	232	11.600,00		7.700,00	3.900,00	2.500,00	500
Procesado mostras invertebrados, índices	350	116	40.600,00		26.950,00	13.650,00	2.500,00	
Procesado mostras diatomeas, índices	400	30	12.000,00		12.000,00	0	2.500,00	
Preparación, análise informes 2025	4.000,00	1	4.000,00		4.000,00		3.000,00	
Preparación, análise informes 2026	10.000,00	1	10.000,00			10.000,00		4.000,00
Material funxible	384	18	6.912,00		4.608,00	2.304,00		



3. Modelado das cargas de nutrientes aos encoros			22.480,99	479,01	15.240,00	7.720,00	2.500,00	2.000,00
Calibración modelo (datos de 2025), evaluación de achegas difusas e puntuais	13.400,00	1	13.400,00		13.400,00	0,00	2.500,00	
Calibración modelo (datos de 2026), evaluación de achegas difusas e puntuais	6.800,00	1	6.800,00		0,00	6.800,00		2.000,00
Viaxes colaboradores	760,33	3	2.280,99	479,01	1.840,00	920,00		
4. Resposta dos encoros ás cargas de nutrientes. Experimentos biorremediación			57.936,98	958,02	43.305,00	15.590,00	2.500,00	2.000,00
Bases de datos	6.900,00	1	6.900,00		6.900,00	0	500	
Análise de datos previos e boias (AdG) e datos proyecto. Modelo (datos 2025-2026)	10.750,00	2	21.500,00		10.750,00	10.750,00	1.000,00	
Instalacion, puesta a punto e mantemento race way	11.900,00	1	11.900,00		9.400,00	2.500,00	1.000,00	2.000,00
Nanoburbuxas	12.075,00	1	12.075,00		12.075,00			
Analíticas e dietas	500	2	1.000,00		500	500		
Viaxes de colaboradores	1.520,66	3	4.561,98	958,02	3.680,00	1.840,00		
Total Augas			381.405,35	9.827,65				
Total con IVE por anualidades de cada parte					298.693,00	92.540,00	21.000,00	9.000,00
IVE por anualidades de cada parte					9.348,64	479,01	0,00	0,00
Total das achegas de cada unha das partes					391.233,00		30.000,00	
Total actividades					421.233,00			



ANEXO II - CALENDARIO DE ACTUACIONES

	MENSUALIDADES															
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
1. Diagnóstico da situación actual																
i. Estudo espacial mediante SIG das bacías hidrográficas																
ii. Identificación espacial de puntos de vertedura																
iii. Recopilación dos datos de estado ecolóxico e químico																
iv. Análise espacial da situación actual																
v. Avaliación do risco ambiental nas subbacías de aportación																
2. Dinámica temporal do estado químico e biolóxico.																
i. Deseño e selección dunha rede de puntos de mostraxe																
ii. Toma de mostras en campo																
a. Toma de mostras de augas e con muestreador automático																
b. Toma de mostras de elementos biolóxicos																
iii. Análise de laboratorio																
iv. Estimación de caudal en ríos																
v. Cálculo de cargas de nutrientes por subbacías																
3. Modelado das cargas de nutrientes aos encoros																
4. Resposta dos encoros ás cargas de nutrientes. Experimentos biorremediación																

